

O CANDIL

Novembro 1995

Nº 7



O SAN MARTIÑO (II)

1923 - 1995

Un ano máis co gallo das Festas Patronais na honra de **San Martiño** os **alumnos e mestres do Colexio Público de Bueu** (Pontevedra) queremos amosar outra pequena parte da nosa cultura ó longo do tempo, así como as invocacións que fixeron nos medios de comunicación destas festas, dos actos a celebrar ou dos ‘feitizos’ do pobo, persoas que dalgún xeito tiveron ou teñen a Bueu como parte da súa existencia ou lévano no corazón da amizade.

Desexamos que esta pequena recompilación sirva para lembrar o pasado máis recente e nos axude a encarar o futuro con esperanza, solidariedade, alegría, amor pola beleza e todo aquilo que nos semella bo para a convivencia en paz deste pobo que tanto queremos. A nós, como mestres, sérvenos como material na tarefa diaria da aula, xa na súa elaboración xa posteriormente como elemento de transmisión da cultura máis próxima.

Subliñar que tratamos de respecta-los artigos tal e como foron escritos en canto á linguaxe, vocabulario, modismos,... Os que levan unha **(T)** foron traducidos ó galego normativizado polos alumnos de sétimo e oitavo de EXB. As fotografías son multicopia das orixinais cos correspondentes defectos polo paso do tempo e estado dos xornais.

O noso agradecemento a tódalas persoas que colaboraron con nós, e que sen eles seríanos moi difícil poder realizar este tipo de traballos....


A bibliografía e fontes de consulta empregadas foron: ‘El Pueblo Gallego’, ‘Faro de Vigo’, ‘Diario de Pontevedra’,...

*“Pensamentos que en ‘magostos’ de comunidade,
coa axuda purificadora do lume e a máxia,
estoupan de ledicia sobrevoando soutos e carballeiras
para aprehender a sutil alma da terra.”*

Coordina: Arturo Sánchez Cidrás

Colaboran: Benito Fernández Alonso
X. Luis Fernandez. Aldegunde
X. Manuel Cerviño Meira

Patrocina: Dirección Xeral de Política Lingüística



ABRIDE A XANELA OO MAR

*Abride a xanela oo mar
que asures ventos salgados
por ila teñen de entrar.
¡Miña casa mariñeira,
meu amor da veiramar!*

*Abride a xanela oo mar
que lonxe o barco xa brua
i o meu ben ten de chegar.
¡Miña casa mariñeira,
meu amor da veiramar!
¡Abride a xanela oo mar!*

Asina: **FERNÁNDEZ MAZAS**

'EL PUEBLO GALLEGO' do 10-11-1929 Páx. 9



VERDE AMENCIDA (T)

(A JOHAN CARBALLEIRA, NO RECORDO DE BUEU)

Erguéronse plenas de azul as alas do ceo. Cantou o galo do sol tres veces a victoria e a mañá fíxose como un milagre.

Amencía en Bueu.

Eu ía, paisaxe a traves de Pontevedra a mareante e sardiñeira a Vigo o atlántico e madrugador, cruzando a terra milagrosa do Morrazo.

E amencía naquel punto

A sedeña alcatifa do mar tendíase baixo o zureo dos espidos pés rosados do alba. Era a luz unha chaga sobre o horizonte tenro - limón e améndoa -de Meiro; e o val apertado de verde e orballo, blandía a espada do seu verso no río bebedor das distancias.

Era todo un tremor e un esgazar de azuis brisas insólitas.

Trenzaban a súa muiñeira - gracia de caadeiras núbiles - os caseiros da Graña, do Outeiro, de Cela, do Valado e a Carrasqueira, mentras o punteiro dos piñeirais zugaba a melodía do azul e florecía unha eucaristía de velas contra a punta de Udra.

A vila enteira, coa súa carga de paisaxe ledó, botou a andar como un muiño de esperanza no día.

Ceo, mar e montaña -tres versos marabillosos - fundíanse nunha estrofa onde ardía Deus en festa de sete gozos.

¡E que tenro era o ceo espido xirando como unha romaría sobre o fuste do Liboreiro virill!

A vega, espida e prometida como unha Eva de regos ía deixándoos como liñas para os versos do albate merlo. Un pranto de ledos augurios erguíase no fondo do val, disque telúrico que no aire facíase festa.

Beluso, ebrio de euforia sangraba, como unha coqueta, sobre o espello das augas fonges.

Desperezábase a Portela como mozota morena e sensual e contra o horizonte de Cangas tendían as sedas dos seus panos as lonxanías dos piñeirais.

A amencida era un milagre, todo se estreaba e a mañá bicaba igual cunha loira noiva o val sonoro coma xenerosa caixa de música.

Crucei camiño de Vigo deixando xa a Bueu baixo a Festa do día despois de ter bebido os meus ollos, sobre a pina curva de Loureiro, vehemente, o colirio daquela verde amencida.

Asina: **RAMÓN FERNÁNDEZ MATO**

'EL PUEBLO GALLEGO' do 10-11-1929 Páx. 9


O PEIXE I-A MESETA

A saudade da meseta ibérica pol'o mar, tópico dend'o "Poema de Mio Cid" hastra a xeneración do 98 l-as xuntanzas de total'as "fuerzas vivas" tivo, ó meu parecer, un consolo fai una presa d'anos cando s'ergueu na costa de S. Vicente, de Madri, aquil edifizo cupuliforme l-un pouco bizantino, das Pescaderías cruñesas. Sempre a costa de S.Vicente tivo unha lembranza mariña: unha lonxanía d'hourizonte do Pazo Real, na que o sol as veces dubida por'onde s'enterrar como ll'acontece no lombo atránteco, os baños do 'Niágara ' con sunga de mellor caste qu'a do estanque do Retiro, os viaxeiros que chegan de Santander, de Gijón, da Galiza, con langostas vivas e roxas que s'afogan no aire levian da meseta sin qu'o derruato esqueleto lles sirva pra ceibar da pulmonía, o mesmo nome da rúa, San Vicente, patrón de Portugal destemido corpo santo navegante que chegou escoltado pol'os corvos mariños aboados que cruzan de Sanxenso a Bueu e lembran ós frades "pascualinos" na illa de San Simón. Dinantes, no tempo socegado e picaresco, das re-cuas e das pousadas, os maragatos que non poideran esquencer seus orixinarios e lonxanos cárabos berberiscos, levaban a Madri tod'o peixe do norte e do noroeste. Un carroto d'ises foi'o que levou á Corte das Españas Imperiales a nova do alzamento de Portugal. Aínda hoxe os milliores desescamadores do besugo e do ollomol son os nativos do concello de Sta. Colomba, ril da Maragatería. As pescadoirías cruñesas foron un acercamento mais potente qu'os que Cánovas pensaba paseando en calesa pol'o Retiro comendo unha zarica de polo frio e cavilando outra lei centralizadora pois os escaparates semellaban "aquariums" l-hastra nas pousadas da calle de Tudescos a sardiña gardaba a mol gracea sirenida da onda mariña. Mais qu'o peixe grave e sostantivo -congrío, besugo, merluxe, mero- apagouse a sede da meseta c'o peixe levian, i-adjectivo- o marisco. Berberechos e gambas, amoleceron un pouco o esgrevio carauter castelán e prestaron recenderes de praya ás terrazas dos cafés desterrando a enxoiteza da medea tostada. Algúns graves autores coidan qu'a cervexa foi unha revoluceón. No están no certo. A cervexa e tan celtíbera com'o viño d'Arganda e nas escavaciós de Ciempozuelos atopáronse os modelos en vella cerámica, dos boks do Cocodrilo e de Mahú. A novidade, a descuberta, a apreciación, débense os mariscos, i'o peixe fresco, especialmente do Atlántico poll'o Mediterráneo sollo manda productos demasiado caros -langostinos de Peñíscola, pequenos cardeales do Papa Luna- ou ise peixe ósil, de tarde de touros ou de merenda dinantes do crimen que se chama "mojama" e leva nome do Ardente apóstol dos oasis, Mohammed. E si o centro da España refresca c'o labio do mar galega total'os barcos dos nosos portos, grandes e pequenos, pois nos portos e na mar non hai categorías, afirman diariamente a grande comunidá das ribeiras atrántecas. Bueu entr'eles traballa a rego, e sin sin esquecer as parreiras i-os milleirales, sacha e vendima a mar.. N'autros tempos un Polomeo ou un Hadriano porialle un nome arcaisante. Polipópolis, en siñificanza da súa especialidade na pesca, cura e venda do polbo ou pulpo, n'outrora símbolo da primeira cultura heléneca mollada da mar cretense, hoxe lediza dos fidalgos e labregos, nas feiras e nas festas, pois lles fai recordar a mar de cen ollos, perigosa i-atraente, chea de candas de serea e de caotecos brazos de mistereo.



Asina: **R.OTERO PEDRAYO**

'EL PUEBLO GALLEGO' do 10-11-1929 páx. 8



NADA MÁIS CA UNHA PAISAXE (T)

de ALONSO DE CASTRELO

Aproveitémo-la ocasión.

A ocasión ten o seu verdadeiro sentido cando se sabe aproveitar, cando o seu pretexto aúpa á intención e se constancia de tal xeito con ela que corporiza nin máis nin menos que “un tempo normal”.

A ocasión é esta.

Bueu celebra as súas festas. A paisaxe -ceo, mar e montaña- copulan co pobo nunha aperta de amor que alcanza temperaturas de mito. Faise telúrico o home e humanízase a paisaxe. Esta é a festa dun pobo.

E unha festa dun pobo -cando é auténtica festa- non é máis ca unha afirmación da comunidade, un palpase e oírse na Historia, encendidas tódalas luces do pensamento e os sentidos.

Por iso así un pobo -Bueu agora- ten o corazón na man para non poder mentir e reventan os seus ollos na ledicia xerminal. Festa en que deste xeito se ablucio-

na un pobo como o Xordán e fai acto de contrición e propósitos de enmenda, como así nolo ensina Deus espido e impoluto baixo a remota luz inaccesible.

Tempo de verdades. De verse nun espello e “da-la cara”.

Por iso hoxe as miñas palabras, tínxense de iodo, reventando como ampolas asépticas, non como o ferro candente que marca un estigma, senón como un cáustico que volatiliza a podre. (Así aprendíno sempre na única escola; ‘o mundo’ e o ‘eu’ en soedade tal e como ensina o pai Unamuno, maestro de tódalas disciplinas, gardador de tódalas as eucaristías, escanciador de tódolos amores e “crucificado” de tódalas “agonías”).

E por iso, en verdade dígovos, recomenzando este capítulo: “nada máis ca paisaxe”.

Paisaxe amorosa, serea como un fondo sono de lagoas. Fundidos nun poema os tres versos maravillosos, o mar, o ceo

e a montaña; “todo vivo e tranquilo” e Deus ardendo crucificado na estrofa.

He aquí o meu canto. A ti, vila de Bueu, cativa e roxa como a muller que levamos non corazón.

A paisaxe de Bueu é do máis puro estilo de beiramar, menos construído que o das terras adentro -¡márxens do Ribeiro, Otero Pedraio o peregrino poeta-, pero vivo e luengo diálogo sempre campo e mar.

A paisaxe de Bueu é, pois unha paisaxe de amor onde o home non pode romper a súa atención. Paisaxe de grande alento, de luces expresivas, de lonxanías absortas, de ventos verdes como bandeiras de xúbilo e ancho, mórbido e alto baixo os helénicos plegues dunha perenne cataraxia¿?. Unha paisaxe, en fin, desde tódolos puntos en equilibrio, libre de metamorfose algunha.

Pero Bueu, ata agora, non é máis ca iso: paisaxe.

A súa zona humana aparece capitidismuída. A poboación de Bueu é inferior á paisaxe. Tan inferior que aínda non chegou ó umbral dunha maridaxe.

O ámbito social de Bueu está destinxido de espírito. É san aínda, si. Pero san primitivamente, porque aínda conserva valores prístinos e autóctonos, os mesmos precisamente que gardan relacións coa paisaxe, que del se nutren.

Pero a xente de Bueu non ten atinada a sensibilidade, está de costas o máis puro tempo que fluxe; e pulsada ata no seu máis íntimo rexistro, non é capaz de

escribir con sangue a súa historia como quere Nietzsche.

A mellor da súa xente tena Bueu nos seus mariñeiros e labradores. É contra os seus homes de gravata contra quen toma corpo esta diatriba.

Non é que eu diga con isto que o pobo ha de ser un resabido, pedante e literato. Non, pero culto, si.

Urbano, sinxelamente, que mereza a súa paisaxe, fino e sensible.

Que sexa desvelado. Vivo. Esperto. Vista de aduana. Deportista e bibliófilo.

Que é o contrario da retórica, do cursi, do cacique, das barbas furentes dos señores insustanciais e de señoritas ñoñas e cultiparlantes. Tódo o contrario do académico o espesamente gris

¡Coa vida, soio coa vida regada de maxia, de exaltación, de angustia e de euforia!

E así poderá ir polos camiño todos llagados polo pensamento e ter o mundo entre os brazos como unha caixa de música.

Pero isto só conseguirán cando siga traballando como ata agora, pero cando tamén a súa xenerosa devoción pola idea e se tinxan os seus ollos de azul para soñar, cando se encha de actos e propósitos e afíe o seu perfil espiritual queimando os malos e ñoños libros, disolvendo as penas enconadas e cazaras e cando en fin salga o sol, cara a súa paisaxe marabillosa e faga o diálogo socrático.

Asina: **ALONSO DE CASTRELO**

FARO DE VIGO do 10-11-1929 Pax. 8



SAN MARTIÑO (T)

Día 11 de novembro ¿que bo fillo de Bueu, aínda nos máis remotos confíns da terra, esquecese desta data? son as nosas festas patronais na honra daquel santo guerreiro que por caridade ós seus semellantes fixo posible o milagre do seu “veranillo”. E como a lenda segue, pese ó paso inexorable dos séculos, os buenenses estamos esperanzados de que a tradición non se trunque. Consultas ó ‘Zaragozano’, o barómetro da lonxa e ós vellos mariñeiros que endexamáis se trabucan no seu predicir, xa que as súas contestacións -previa mirada dos catro puntos cardinais, co xesto de que cumpren un sagrado rito- son ambiguas e admiten toda a escala do barómetro, desde a “Tempestade” o “Bo tempo fixo”. Pero ó final confíase que o ceo se quite a súa roupa negra do mal tempo, e coas súas mellores galas forme parte na alegría xeral en tan sinalado día.

E haberá todo un gran programa de festexos. Solemnes funcións relixiosas, sen deixar no esquecemento a San Roque para tranquilidade dos seus numerosos devotos. O templo parroquial abarrotado de fieis, se ben dentro da devoción do momento haxa a quen lle tente o demo para facer unha escapada a tomar unha “chiquita”, mentras algunha rapaza “brincadeira” vota as súas contas por se ó final queda tempo para bailar no adro un par de pezas, sempre que á súa parella non lle enrede o agridoce sabor dun bo alvariño. Verbenas populares, bailes nas sociedades recreativas, e unha ringleira de atraccións que farán a felicidade de grandes e pequenos.

Por causas de todos sobradamente coñecidas -e este non é o momento oportuno de afondar no angustioso problema- os tempos son tremendamente, difíciles nestes pobos no que a principal -por non dicir única- fonte de ingresos é a pesca, e a crise é un molesto hóspede dos nosos fogares, desde hai algúns anos. Pero iso non será inconveniente para que as amas de casa preparen o seu mellor “menú” na hora de posibles convidados, mentras o galo e o carneiro, se traballasen como personaxes de Rudyard Kipling tremerían ante a proximidade da súa trágica fin.

Todos acudiremos á cita. Os nenos a dar unha volta no “tio vivo” da man dos seus pais, ó tempo que estes aproveitan a oportunidade de ir cos seus fillos para facer esa viaxe sen o risco de que o vexan facer unha auténtica falcatuada. Os xoves para ensinar a súa habilidade ante os compases da orquestra. E os máis vellos, ben tonificados polos cafés e copa tomados no bochinche do lado, non desperdiciarán a oportunidade de demostrarlle ós xoves -quen de mozo bailou ben, de vello dalle un xeito-, que ante una jota punteada ou unha enxebre muiñeira nada lle queda que facer ó exótico monorrítmico “baiao”.

Despois de votar o “resto” nestes días de troula e esmorga -¿qué proxectos “festeiros” terán os meus bos amigos Curra e Quisquis?- que nos farán esquecer por completo nestes momentos o cotiá traballo, voltaremos de novo con máis afán ó duro pechar da vida -gañarás o pan coa suor da túa fronte- pero, iso si, coa firme promesa de facer o ano que ven, Deus mediante, un San Martiño mellor.

Asina: (Do noso correspondente **GARCÍA LERMES**)

BUEU (T)



Lembranzas de hai tempo xa de trinta e cinco anos. Cheguei unha mañá gris, nun coche de líña amarelo que facía o camiño máis longo, por Aldán e Beluso: é tamén o camiño máis bonito. A unha volta do camiño, o guiador alargou o brazo e díxome: Alí o tes. E era unha líña branca de casas á beira do mar, e máis casiñas brancas que agatuñaban polas abas do val. E no medio, un triángulo verde que se perde, arriba, na gorxa estreita onde se xuntan os montes.

Trinta e cinco anos despois, todo seguía máis ou menos igual. As casas xa non son todas brancas, quizá pruritos de modernidade estropearon a súa sínxeleza antiga e campesina. Pero, desde lonxe, non se nota. Quen veña de Cangas por Aldán e Beluso mirará, coma min, casas aliñadas xunto ó carón do mar e casas que trepan poas abas. Máis agora, claro. Algúns mariñeiros, algúns emigrantes, edifican os seus fogares. que é como edificar a manifestación do seu triunfo. Ten iso de bo, aínda, dos antigos

O que xa non é o mesmo é a xente. Trinta e cinco anos son moitos anos, incluso para un pobo pequeno e fermoso e arreconchegado na ría. Entón eran sumisos. Agora, erguen a cabeza con orgullo e séntense ceibes. Entón, eran tamén máis pobres. O peixe ía barato ou non ía. Os homes vendían tirando para que as mujeres, alomenos, tivesen traballo na fábrica. Agora, parece que as cousas cambiaron. Hai máis perspectivas e maiores, se no mar non se da sustento, cóllese o tren e márchase un a Alemania. O caso é que se vive mellor, e que a razón desa maior liberdade atópase no desafogo económico. Hai pobres aínda, pero tamén a esperanza de que deixe de habelos.

Un bo día, non sei cando, os franceses descubriron Bueu. Desde entón, non hai ano que non veñan uns cantos. Ó principio, víselles con certa estrañeza, porque eran distintos. Agora, as diferencias vanse borrando. Antes só tiñan o espírito aberto os que regresaban de América. Agora, téñeno todos. Uns cantos veráns con franceses e francesas no pobo valen de moito para iso de abrir horizontes ó espírito. E para desatracar á xente da rutina. E para ensinar ós homes a vivir. Descoñezo o censo demográfico de Bueu, pero, ó pasar, advertín que existen tres ou catro comercios onde se venden aparatos electrodomésticos. Son un bo índice e, ó mesmo tempo un indicio.

Cando vou a Bueu, as esperanzas revólvenseme coas lembranzas. Pero acaban por vencer as esperanzas. Gustaríame que, na súa prosperidade non esquecese a súa antiga beleza. Gustaríame que alguén soubese orientalos ímpetus da xente nova, para que, entre todos, chegaran a perfeccionar o que teñen. Non é moi difícil. Bastará con atopar o punto no que modernidade e tradición fundense. Refírome ás costumes tanto como as edificacións. Co esforzo de todos, Bueu pode seguir sendo moi fermoso.

Asina: **GONZALO TORRENTE BALLESTER**

FARO DE VIGO do 11-11-1965 Páx. 11

BUEU E O TURISMO (T)

de PIN SOBRAL

Máis ou menos sobre os anos 30 os veráns empezaban e remataban en Bueu exactamente nas mesmas datas que hoxe, a temperatura era análoga e as chuvias visitaban coa mesma intensidade que nos últimos anos, sen embargo o ambiente do pobo non cambiaba ó longo das catro estacións, os anos pasaban e únicamente durante a temporada estival, visitabannos catro ou cinco familias, sempre as mesmas ó obxecto de disfrutar da placidez e a tranquilidade que se lles brindaba, eran sempre as mesmas caras cun ano máis, víamolas medrar. Igual pensaban eles, considerábamolas da casa, tíñan algún lazo de unión connosco ben por parentesco, propiedades no municipio, etc. aínda hoxe seguindo fieis a este desprazamento seguímoslas vendo, non eran ni son estranos.



Rematada a última guerra mundial, e dun xeito continuado foi cambiando Bueu neste aspecto, ó principio moi pouco e últimamente xa de xeito acelerado, e novas caras, novas gentes, incluso doutras razas descubrían os nosos atractivos, para repetir ó ano seguinte, comunican o descubrimento ós seus achegados e entón non só volven eles senón que traen a máis.

O pobo en sí cambiou pouco, o seu modo de vida é o mesmo, traballo rutinario e abnegado relacionado todo el co mar, sardiña, polbo e marisco son a nosa fonte de ingreso, e así van pasando as xornadas, anunciadas como sempre no seu comezo polas sereas das factorías conserveiras de peixe, ou pola canarina campá da lonxa. ¿Por que veñen? a verdade é que nós non fixemos nada para atraerlos, a explicación é sinxela, a nosa beleza natural, que é fabulosa é a causante de todo. Chamámoslles ‘os madrileños’, anque sexan de Astorga ou do Norde de Africa, tratámoslos, facemos bos amigos, gañan a nosa confianza, pregúntannos e por último acusannos de moitas e diversas cousas: carencia de comodidades, auga corrente, sumidoiros, vías de acceso ás nosas incomparables praias, falla de indicadores nas estradas e camiños... ¿Será verdade? Demóstrannolo, subiron a Ermelo e baixaron á praia de Tulla, a forza de preguntar chegaron, extasiáronse na contemplación, meditaron e xurdiu a pregunta ¿por que ocultades todo isto?. Fannos logo a comparanza con outros lugares que envexarían unha soa das nosas praias, un só dos nosos montes e sen embargo aproveitaron ó máximo os seus escasos recursos, erguéronse polígonos urbanizados, novas edificacións, hoteis, campos de deportes, etc. algúns chamannos egoístas afirmando que como galegos que somos e polo tanto, intelixentes, sabemos de sobra o que temos, para nosoutros soamente.

Pensemos de novo ¿será verdade? esta vez así nolo demostran.

Lamentable é, como dí Castroviejo, ese diabólico e indestructible invento do plástico invada as nosas corredeiras. Asemesmo é lamentable que as gaitas na romería de San Mamede cambien a muiñeira pola ‘yenka’, e lamentable tamén que o “Ramal d’os Galos” o designemos co esmaltado rótulo “Ramal de los Galos” ¿ou acaso aquí equivocámonos e foi unha prevista homenaxe á xa numerosa colonia gala que nos visita? Estas son entre outras as cousas que debemos coidar que non pasen, ensinándolle ó turista o noso da

forma máis pura posible pero ensinémosllo, poñamos indicadores, Lapamán, Porto Maior, Agrelo, Loureiro etc. fermosas praias; Atalaia de Santiago de Ermelo, panorámica inigualable desde Corrubedo a Silleiro tódalas Rías Baixas coas súas illas ó alcance do observador. Ben sabe diso o noso amigo Eiroa, cronista de Cangas, e nos congratula que el mencione con tanta frecuencia á ver que nós mantémola tan ignorada.

Démonos conta dunha vez, que o turismo é xa unha cousa seria, e aproveitemos o que gracias a Deus temos pero tamén poñendo da nosa parte con verdadeiro entusiasmo e boa vontade a colaboración necesaria para completar tanta beleza.

Debemos esmerarnos, considerar as observacións do estraño, ás veces son unha gran ensinanza, Viña un grupo de bañarse en Lapamán, asomáronse na rede de aramio na volta de Pitís e contemplaban a ría co perigo de ser arrastrados polo coche de líña, pasando a engrosar a lista que na súa estatística leva Jorge Diz dos accidentes desa perigosa curva; pasamos por eles e oímoslle ¡Qué pena de mirador en rotonda e balaustre de granito análogo ós da beira de enfrente! Aquel “que pena” calousno moi fondo porque eran moitas as veces que chegaba a nós. Outro día e sentados na fonte d’Abilleira co noso xa íntimo amigo Blanco, un letrado madrileño que se as sabe todas, repetidor por novena ou décima vez no seu veraneo, deleitábamonos na contemplación; ante nós o Norte, Outeiro, Cividade, fermoso contraste do branco das súas casiñas sobre os matices verdes dos prados, viñedos e piñeirais... de repetir a odiada frase ¡Qué pena! aquela casa nova, a que está un pouco máis abaixo pintada de rabioso cor butano.

Creemos que ten fácil solución, e confiamos que a goleta da nosa heráldica, con firme man de comodoro á cana do timón sepa vencer ós penedos que lle sinalamos.

Confiamos moito máis, por exemplo na pronta realidade dunha rede de abastecimento de auga, en completar os sumidoiros, en ordear o “arborizado bosque”, en terminar o pavimento das nosas rúas, en silenciar ¿por qué non? as sereas de nosas fábricas, a propósito delo preguntáanos un respectable “madrileño” militar de alta graduación se para chamar a un cento de persoas, a veces a calquera hora da noite, era necesario despertar a miles doutras e fálanos de campañas de silencio noutras localidades, do respecto ó sono reparador etc.

E seguemos confiando que as nosas casiñas volvanse brancas, comezando o exemplo polo Consistorio, van pasando xa anos desde que a comparsa do antroido que fai honra do noso barrio máis caracterizado: a Banda do Río, cantounos unha mañá con mellor intención que ritmo:

*A nosa Casa Consistorial
necesita reparación
pois parece unha ‘masía’
dos tempos de Colón.*

E por último desexamos tamén que os nosos locais de acceso público esmérense no servizo, limpeza, decoro e trato afable, ca fin de facerlle grata a estancia entre nós a tódolos “madrileños”, que nos falen de algo máis que das nosas beleza naturais sen engadir o ¡que pena!

Asina: **PIN SOBRAL**



MARCONI en BUEU Por unha suxerencia súa fundouse o

MUSEO MASSÓ (T)

Entre os días 11 e 13 de mayo de 1928 foi hóspede de Vigo e súa comarca o xenial inventor italiano Guillermo Marconi, ó que acompañaba a súa dona. O ilustre matrimonio percorría as costas de Europa a bordo de su iate “Electra”, que atracou no noso peirao a primeiras horas da mañá. Acudiron a cumprimentar ós esposos Marconi o alcalde don Mauro Alonso Cuenca e os presidentes da Cámara de Comercio, Unión de Entidades e Círculo Mercantil e Industrial.

A estancia de Marconi na bisbarra prolongouse, como dixemos, ata o domingo día 13. Durante estes tres días, os marqueses de Marconi visitaron a cidade de Vigo e os pobos da costa sempre diligentemente atendidos polas autoridades e personalidades locais. Os señores Massó distinguíronse nestas atencións cara o inventor da T:S:H: e a radio, convidándoo a xirar unha visita á súa factoría de Bueu. Marconi, home que sentía unha grande curiosidade polas cousas do mar, puido admirar alí, algunhas das antigas máquinas moi rudimentarias da industria da conserva, a carón de modelos de embarcacións e pezas xa raras nas artes de pesca, que a firma Massó conservaba con celo. Foi entón cando Marconi suxiriu ós propietarios da industria a idea de que tomando por base aquel conxunto xa importante, emprendesen a tarefa de formar un Museo e Biblioteca do Mar. Prometeulles asistir personamente á inauguración. E aquela feliz idea é hoxe unha espléndida realidade. Se Marconi puidese velo, admiraríase, seguramente, do froito insospeitado do gran de mostaza, cuando cae en tierra fértil, todo canto entón puido sospeitar, o imaxinativo inventor, está rebasado. Soamente a Biblioteca, como fondo de exemplares rarísimos, pode considerarse como única no seu xénero. O mesmo cabe dicir da colección de mapas e estampas de tema marítimo, e os mil obxectos, raros e preciosos que alí se atesouran.

Unha sección do maior interese etnográfico e histórico é a dedicada a maquetas de embarcacións pesqueiras, en especial as galegas, tales como dornas,- a única de orixe nórdico, ó parecer - xábega, xeiteira, gamela, etc. Moitos destes tipos de barcos están en trance de desaparición, e por iso interesa tanto conservar alomenos os seu modelos a escala, en unión de elementos auxiliares, artes e aparellos. Actualmente o Museo Massó ten en formación unha colección de crustáceos e moluscos, que conta con exemplares de extremada rareza.

No é posible nunha liñas incidentais, dar una visión por someira que sea, do soño de Marconi feito realidade. Volvamos, pois á estancia do físico italiano en Bueu e en Vigo. O domingo trece de maio, os cónxuxes Marconi visitaron o Real Club Náutico, dando despois un paseo pola ría na canoa automóbil do señor Cervera, conducida pola señora Marconi. Ó concluir a xira foron despedidos no embarcadeiro do club polo alcalde e o representante consular de Italia, señor Pagani. O ilustre matrimonio obsequiu cunha caixa de bombóns o grupo de señoritas viguesas.

Pola tarde foi a despedirlo o seu iate “Electra” o vicepresidente do Náutico, don Gerardo Campos, ó que Marconi manifestou que marchaba impresionado pola beleza de nosas rías, que consideraba ideais para a práctica dos deportes náuticos, polo cal prometía volver na época de regata. Ás catro da tarde levou ancoras o “Electra”, e foi escoltado durante algún tempo pola canoa do clube, ocupada por xóvenes de ambos sexos, entón o iate fíxose funcionar o de radiotelefonía, escoitándose perfectamente dende a canoa, e aínda desde terra, a música que captaba o receptor. Era naquel momento o Himno dos Exploradores.


Asina: **CELSO DE BAYON**

O MUSEO DOS SRES MASSO, UNHA COLECCIÓN UNIVERSAL ÚNICA (T)

LIBROS E DOCUMENTOS, RECOLLIDOS EN CATÁLOGO POR UN ERUDITO CATALÁN.

Periódicas aportacións testemuñan o interese dos seus rexidores.

Bueu, vila mariñeira por excelencia non é un lugar de chegar e pasar, como parece deducirse da escasa atención que recibe por parte de quen escribiron literatura turística e de paisaxe é polo seu emprazamento, pola beleza da súa paisaxe e especialmente polo ambiente cordial que son capaces de crear nas súas xentes, lugar para quedarse de parada e larga fonda, porque a gastronomía de Bueu é sinxelamente exquisita e en poucos lugares se toma o polbo tan excelentemente condimentado,



máximo regaselle co viño da veciña parroquia de Cela, con moita agulla, como xa soubo dicir o escritor José María Castroviejo, que non soe perder oportunidade de eloxiar tintos, cando os atopa bos o seu paso

Bueu é campo galaico, verde e suave. En ondulacións montuosas, paisaxe de grande atractivo en calquera dirección que se ande ou contemple, tanto cara o mar, con Ons como fondo, con esas cores azul aceirado case permanente, que dan ó mar aspecto de xigantesco e pacífico delphin místico. Bueu con excelentes praias, de finísima area, aptas para o baño estival e para o paseo outonal, cando renxen baixo os nosos pés os grans diminutos. Son moi pintorescas as casas sobrecargadas mirando ó mar, construídas moitas delas no nobre granito do país e inclusive dotadas de excelentes labras aínda que de construción moderna, de amplos parámetros airosos e ventás de aluminio, impóndose, porque a vila é progresiva e alegre e recibe cada ano maior contingente de veraneantes que buscan no seu ambiente paz e bo clima. Lonxe da contaminación e ruidos da grande cidade.

En Bueu, tamén, deliciosas tabernas onde se coce o marisco apetitoso; onde saltan as sardiñas prateadas antes de ir á tixola, onde a allada bota o seu rico arrecendo culinario antes de acompañar á pescada recién collida polos homes deste mesmo pobo, que trouxeron, sobre todo. Determinadas especies de baixura que aquí se entregan con todo o seu intenso sabor salobre, para que o mesmísimo mar chegue á boca.

En Bueu, por non seguir a descrición, no eloxio, que debe entenderse implícito, a industria conservería e o Museo dos Sres Massó, que é algo así como a síntese da talaocracia universal.

Quen xa sexa afeccionado ó mar, desde a navegación ó misterio, desde a aventura á ciencia, que pase unha hora, dous, un día, un mes, visitando esta marabilla que cheira a madeira, a resina e sal. que contén valiosos, rarísimos exemplares incunables de cando a imprenta acababa de cumprir as súas sus vodas de prata. Que permite remontarse ós tempos prehistóricos nas reconstrucións paleontolóxicas que afinadamente fixeron estes beneméritos industriais e eruditos. que nos deixa navegar imaxinariamente polos derroteiros máis insospeitados, mares ailladísimos un día, hoxe vado de determinados países, só aptos para as rotas pioneiras. Que inclusive chega o

tremor da trata de escravos en documentos únicos que describen aquel mundo sinistro válido un día nun mundo que se chamaba cristiano.

Tan excepcional é ol Museo que xa é peza de museo -en serio, palabra de honor- o catálogo que un famoso erudito catalán redactou un día dos libros e documentos que hai neste almacén de marabillas.

Despois dunha visita ó recinto onde as madeiras nobres ilumínanse, onde renxen un instante, movido por unha racha de vento ocasional, un antigo aparello, que se ilumina cunha raiola de sol, un pensa que se atopou co espírito de Ulises e que todavía cantan as sereas, aquelas aves, que non anfibios, dispostas a engadar á humanidade. Triunfadores da tentación foron estes astutos Ulises de hoxe, os señores Massó que no cederon o desexo de abandono e continuaron a súa navegación interminable polo mundo da cultura e da erudición, para incrementar constantemente unha das mellores coleccións da arte e humanismo do mar que no mundo poden contemplarse.

Bueu, vila do benestar, do agradable e cordial diálogo, da ensinanza sinxela e emotiva. Bueu, para volver de novo co gallo das súas tradicionais festas de San Martiño, co polbo fumegante, a nécora viva, a allada arrecendente e o tinto de Cela na taza, como nun bodegón de Velázquez xove.

'FARO DE VIGO' do 10-11-1973 Páx 25



NOCTURNO MARINERO

ENVUELTO en tules de alborosa espuma
que besos a beso tejieron las olas
duerme, arrullado por las barcarolas,
entre caricias de un claro de luna.

Miles de estrellas salieron de tuna.
Se oyen las trovas de las caracolas.
Tañen vihuelas de luz sus farolas,
mientras la brisa sonr e a su cuna.

Rezan estelas, velas y barquillas;
musitan versos, redes y timones;
pasan gaviotas soñando orfeones,
susurran remos hacia sus orillas.

Hombres que riman los vientos y millas.
Liban promesas de amor, corazones.
Un mar que canta riquezas, blasones.
Suenan las arpas en todas sus quillas.

Asina: **Francisco LANDÍN PAZOS**

FARO DE VIGO data 11-11-1967 Páx 15



AFECCIÓN Á LECTURA (T)

Falamos co noso correspondente en Bueu, D. Antonio Cerviño, sobre alguhas cousas do oficio:

-¿Cantos anos fai que vostede é correspondente do Faro de Vigo en Bueu?

-Máis de trinta.

-¿Que xornais son os que se venden máis?

-Da rexión, o que se vende máis é o Faro de Vigo, con grande diferencia sofre os demais.

-¿E xornais nacionais?

-De Madrid o 'Ya', 'Pueblo' e moi poucos máis, e en pequeno número.

-¿Revistas?

-A revista que máis lectores ten aquí, especialmente entre as mulleres, é 'Gaceta Ilustrada'.

-¿Hai moita afección á lectura de libros en Bueu?

-Hai moita afección, ás novelas.

- ¿Que clase de novelas?
- Todas, pero especialmente as do Oeste.
- É dicir, as 'invasoras'...
- Desde logo.
- ¿s mariñeiros, para ler a bordo?
- As mesmas de vaqueros e semellantes.
- ¿Os xoves?
- As semellantes e do Oeste.
- ¡Ben pola nosa literatura!
- Cuestión de propaganda polos medios difusores: a Prensa, o cine, a televisión,...
- ¿E os nenos...?
- Os rapaces, os contos...
- Xa se mira que son homes serios.
- ¿Atopa vostede dificultades para a venta de xornais na vila?
- A dificultade maior consiste en que non se atopa nengún vendedor de rúa eficaz. Se contásenos con vendedores podería aumentarse o número de vendas, se ben é de ter enconta que é unha vila pequena.
- A venta pola rúa está a desaparecer incluído nas grandes cidades por falta de persoal.



BUEU NAS SÚAS FESTAS DE SAN MARTIÑO 1969 (T)

A vila mariñeira de Bueu, pescadora por excelencia, coa súa enseada e porto de abrigo na ría de Pontevedra, ten por patrono San Martiño, o da capa partida en dúas, para da-la metade da mesma a un pobre en Amiens, cando entraba na praza como soldado. Santo de gran devoción no pobo campesiño e mariñeiro de Galicia, que sintetiza moi acentuadamente no espírito de caridade ós demais, o espírito dos campesiños e mariñeiros galegos en xeral. Bueu, fiel á tradición da súa nobre estirpe cristiá reitera, ano tras ano, a ofrenda da súa fé relixiosa en torno ó seu santo patrono, desdobrada tamén no seu aspecto profano de sana alegría popular, resaltada en ambos casos co máis nobre sentido humano. Faga bo tempo ou chova, o 11 de novembro, festividade relixiosa do Santo, Bueu, mariñeiro labrador e hoxe tamén industrial, centrou os principais actos relixiosos no seu templo parroquial, coordinándoos cos demais actos festeiros dos varios días de alegría que dura o ciclo festeiro principal da vila.

E é nestas festas Bueu o lugar da fraternal reunión das xentes da Península do Morrazo dunha e outras vertentes as rías irmás de Pontevedra e Vigo, dende Hio e Aldán ata Marín e Pontevedra, por unha parte, e desde Cangas e Moaña ata San Adrián e Vila-boa, pola outra; xentes ás cales se unen os isleños de Ons, do propio municipio, así como da capital, de Vigo e doutras localidades da provincia.

Un ano máis, o dinámico e progresivo pobo de Bueu recibe así o afecto xustamente merecido dos seus numerosos amigos, que sabemos canto vale un pobo de fe, traballador incansable e cumpridor da máis nobre empresa, que é a de amar ós demais como saben facelo os nosos pobos mariñeiros e campesiños que saben parti-lo seu pan e a súa amizade cos demais, a imitación de como o fixo seu excelso Patrono San Martiño coa súa capa de soldado do Imperio.

Asina **BENE**

FARO DE VIGO 9-11-1969 Páx.-25




UN CANTO A LA VILLA

Eres tú, pueblo querido
hermoso como las flores,
de nuestra amada Galicia.
el mejor de los mejores
Bonitas son tus montañas
con su espléndido verdor,
de frente una hermosa ría
que ensalza tu esplendor.
También tienes una playa,
donde pueden descansar
los barcos de sus fatigas,
en la lucha con el mar.
Pueblo de bravos marinos
y e mujeres hermosas,
con bonitas casas blancas
igual que tus gaviotas.
Tú naciste pobre y bello,
pueblo de mi corazón.
y por eso te despojan

sin la menor compasión.
Yo no sé con que derecho,
Bueu, pueblo de mi alma,
tienen razón en matar
lo mejor de tu playa.
Yo que soñaba contigo,
viendo tu orillamar,
toda llena de jardines
donde despierto soñar.
¡Ay! cuantas veces lloré
pueblo querido por verte.
hoy estoy entre tus brazos
y lloro sólo al verte.
Al verte pueblo querido
en las garras del Milano,
destrozando con su pico,
lo mejor que Dios te ha dado.
Despierta pueblo, despierta,
despierta pueblo querido,

eres noble y generoso,
pero siempre estas dormido.
Hoy tus hijos se divierten
festejando a tu patrón
y pensando en su alma,
le rezan con devoción.
Tú miras como matan
nuestro futuro jardín,
te ponemos de testigo,
glorioso San Martín.
Grita la hermosa playa,
gritan las olas del mar.
que van cayendo, cayendo,
y llorando sin cesar.
Sólo tú, divino mar,
puedes hacer el milagro,
que por los hombres ya está,
este hecho consumado.

Asina: **PASARIN**



'FARO DE VIGO' do 10-11-1977 Páx 26



¡VIVA SAN MARTIÑO! (T)

Un ano máis chegou o "San Martiño". Festa entrañable en toda Galicia, e moi especialmente en localidades como Bueu, que a converten na súa festa patronal.

Chegaron os fríos, as chuvias o mal tempo se acaso. Esta vez, todo fai indicar que non haberá 'vranciño'. Máis é igual a festa é festa e non se pode pasar por alto. A partir de hoxe, e durante tres días, en Bueu vaise deter a actividade laboral para dar paso á festa de San Martiño.

Quen dixera que Bueu era un pobo triste no inverno equivocabase de cheo. A realidade é que, agora máis ca nunca festexando o seu Santo Patrón, Bueu tornase ledicia incommensurable unha festa que abrangue desde Cela a Beluso, da Portela a Lapamán. Todo o municipio se volca estes días na vila e os autobuses non se cansarán de arroupar xentes chegadas de tódalas zonas do Morrazo, para compartir cos habitantes de Bueu estas horas de alegría de inmenso rebumbio.

É hora de sentarse diante dunha boa mesa e ir degustando as vieiras, as navallas, a ameixa, o marisco da Ría. É hora tamén de abrir o tinto de Cela que se gardou celosamente. É hora, se acaso de probar aquel lacón con grelos ou probar o novo tinto de Jesús "O ferrolán".

Diríase que por Bueu non pasou o tempo. No é certo. Tamén o progreso faise notar nesta vila pontevedresa, inmersa agora en disputas graves - o Náutico, por exemplo - pero inmersa por riba de todo, na festa de San Martiño.

De calquera xeito, Bueu segue conservando a súa estrutura de antes, de vila ben trazada, con rúas rectas case a escuadra. Todo parece como hogano. Os vellos paseán-

dose preto dos peiraos, a gasoleira ó lado da lonxa. No peirao, os barquiños descar-gando a ameixa, o mexillón, a vieira... Logo, ó serán, as subastas na Lonxa, “cento quin-ce, cento catorce, cento doce...” A “ducia” por aquí, a “ducia” por alá. o intermediario e o propietario da tasca aquela que alí acude para mercar máis barato. Pero está difícil isto do marisco. Protestan os mariñeros, mentras alí ó lado, no mesmo peirao, as mulleres atan e arranxan os desperfectos das redes.

Chegou San Martiño, e hai que participar. Vale pois, acércarse a Bueu nesta fin de semana porque a marxe da boa mesa, a marxe dos bos viños, os seus excelentes maris-cos, p seu peixe de primirísima calidade... está a festa , está “San Martiño” que alí se ce-lebra por todoo alto. É alegría xeral. O alcalde enviaba “saúdos nacionalistas” á poboación. Outros pois mire vostede envíanos “tipo Morrazo”, outros tipo “Pontevedra”. Esta-mos en democracia ¡que carai!. Así que saúde cada cal como lle pete. Pero está ben o prototipo de saúda do alcalde de Bueu. Así é que, con “saúdos nacionalistas” ou sen eles aquí estamos para dicirlles que Bueu celebra a partir de hoxe as súas festas patronais e que merece a pena que todos compartamos a alegría das súas entrañables festas pa-tronais.

¡VIVA SAN MARTIÑO!, pois.

Asina: **R. de V.**

FARO DE VIGO do 10-11-1979 Páx. 35



O SAN MARTIÑO

Por **XOSÉ BANGUESES**

Galicia é unha terra de moita devoción polos santos, tívose por eles un culto fortemen-te popular. Non se ten a certeza das razóns que levaron ós nosos devanceiros a nomear a San Marriño como Patrón da parroquia. Os fieis das aldeas e vilas galegas veneran e ata adoran ós santos, pero non os coñecen.

Na figura de San Martiño, supoñen os estudiosos, que se mesturaron dúas personali-dades: San Martiño de Touurs e San Martiño Duniense, que procedente de Bizancio visi-tou Galicia no século VI.

O 11 de novembro, adícao o santoral a San Martiño de Tours, o santo da capa, nado no ano 316 en Francia, militar de profesión, e logo os 55 anos Bispo de Tours, predicador incansable e fundador das parroquias rurais francesas, rematou a súa vida nunha cova con oitenta compañeiros, adicado a vida relixiosa comunitaria.

A imaxe do San Martiño, a que se rende culto na parroquia de Bueu, e de madeira e foi feita polo mestre Rivas no ano 1931 así como a de San Roque en 1960 de madeira policromada. San Roque , o que tamén adicamos a festa, foi apóstolo de caridade, o seu culto espallouse moito por Galicia co gallo das pestes no século XIV e XVI.

As festas son unha manifestación cultural máis da sociedade, como tales, evolucionan o mesmo tempo que a sociedade, modificando os seus contidos e sobor de todo os seus siñificados.

Atrás quedou a concentración da vida social arredor da igrexa parroquial, as danzas dos mozos e cantantes de coplas acompañando o patrón na procesión, o interminable e esperado xantar nos anos de escaseza, os bailes colectivos no campo da festa, as pe-lexas entre mozos de parroquias enemistadas. A festa da tarde co seu baile no campo, como vía máis adecuada para principiar relacións entre mozos e mozas das distintas pa-rroquias, bailes que conducían a unha relación íntima entre parellas, profundización nas

relacións, reforzada pola liberdade da xuventude nunha sociedade de fortes convencións sociais.

Estes bailes, xermen de parellas e matrimonios, antesala das salas de festas e discotecas, hoxe esmorecen e tenden a desaparecer debido a usencia de mozos que os cambiaron por discotecas atestadas de xente, fume e ruído. É a moda da “civilización do seguidismo”

¡Viva o San Matiño e trompos o camiño!

Asina: **XOSÉ BANGUESES**

‘DIARIO DE PONTEVEDRA’ do 11-11-1995 Páx 16



DE CASTAÑAS E MAGOSTOS

Por **XOSE FILGUIERA VALVERDE**

Chegou o tempo dos magostos. O remate do mes do outono e os comezos de Santos chámase tamén “a castaña”. D.Sese xeito dise: “imos ir aló pra a castaña”, “na castaña anovaremos . os tratos...”, “fai anos, polas castañas...” un falar que di moito do que vai na vida agraria de Galicia o froito do castiñeiro, ese árbore petrucial, que compón os máis regalados soutos e ten a máis doce soma na quentura do vran.

Houbo un tempo en que ese froitos foron o pan dos pobres e tiveron entrada nos mellores peperetes dos ricos. Do caldo á castaña xelada ca neve de Acibeiro, toda unha rila de manxares acollía o seu doce e fariñento ben.

Agora miramos aos castiñeiros vellos como se fosen doentes, á veira da morte. E sorprendémonos de que algúns sigan tan ternes. Porque a “tinta” vai rematándoos, e se non fose polo Dr. Viértez e por “clínicas” como a de Salcedo e Lourizán houbera finado a caste. O nome de castaña ven do grego e tivo no latín serodio a forma “castaneus” que parez en San Gregorio de Tours. Anda nas nosas cantigas medievais e nos “Libros de Astronomía do Rei Alfonso”.

Antre os cantares de burlas haivos un de Xoán de Guillade contra certo don Foa, que ten por “estribillo” un “verbo antigo”: Castañas eixidas (ou saídas) e vellas poir souto”. Tamén é despectiva a mención nas “Cantigas de Santa María”, onde a “castanha” aparez unha vez co mesmo sino de cousas miúda e sen valor, “non lles mingou dele que valesse ua castaña”; en troques, outra, pra ponderar o tamaño dun cálculo don rens dun docente, di: “achou enteira a pedra sigo na cama, tan grande que verdadeiramente era como castaña”.

E polos primeiros ditos supoño que Maricastaña, a dos tempos remotos, sería pequeneira, rabuda e dura como unha “pilonga”. Pois xa sabedes que non é persoaxe maxinado, senón unha heroína popular lucense, dos tempos das loitas de Don Pedro o Cruel e Don Enrique de Trastámara, no século XIV; pois foi cabezaleira do pobo escontra do señorío temporal do bispo.

A castaña ten outros apelativos que habería que explicar; “caxoga”, “croca”, “bolerca”, “degaro”, “maiola”, “mamota”, “rogoldaina”, “zoncho” ... E tamén outros sinificados; “labazada”, “frasco”, “moño”,... E moitos refráns. Rodríguez González recolleu estes: “A castaña e o besugo, no fabeiro non ten zugo”, “A castaña, no agosto quer arder, e no setembro beber”, “Castaña que está no camiño é do veciño”, “Castañas no nadal, saben ben e par-

ten mal", "Con castañas asadas e sardiñas asadas non hai ruín viño", "Fiate nas castañas asadas que estouran e saltan á cara", "Furtando unha castaña e outra castaña afaise un á mala maña", "Temperá e a castaña, que por setembro regaña".

Sobre o léxico da castaña no Noroeste hispánico publicou Krüger un dos seus atrinches estudos.

Por certo que, cando chegaron de América as patacas, a xente galega, non sabéndolles o nome, chamáballes "castañas" ou "castañas mariñas" e aínda perdura o uso; téño recollido en Noalla.

Non querades saber cánto perfilan os eruditos sobre a orixe da verba "magosto". Cornu, Michaelis, Leite de Vasconcelos, Krüger, García Lomas, Corominas... Tedes moitas opinións donde escoller:

Que "magostar" teña que ver con "agostar" no senso de secarse pola moita quentura.

De "macerare", por aquilo de se consumir.

Que acolla o senso de queimar e veña de un suposto "combustare" pasando por "agomostar".

E aínda pódense maxinar outras etimoloxías.

Téñase en conta que un magosto nos é somentes o feito de asar as castañas, nin a fogueira, nin o froito asado, senón tamén o ledito suntoiro dos que se aconchegan pra facelo, anque non cumbran a condición que ven no Dicionario da Academia Española "cuando van de jira".

Na máis famosa descripción galega de "O magosto" que é de Fancisco Añón, axúntase a idea ca da muiñada e os que van facela "andan as mozas". Hai unha liorta, e algúns teñen que sairen polo tellado. Como é peza resoubeira, cando eu era neno, recítase e representábase o paso dialogado, nas funcións de aficionados e nas festas dos "coros gallegos". I eran moitos os que sabían aquilo de

*"A noite de San Andrés,
crara como unha de vran,
cun bo rebolo na man
e a chupa do rivés
eu iba a paso de can..."*

Estes magostos eran ben diferentes dos que os portugueses dan como honesto divertimento de frades; "asar castanha ou pescar troitas".

Murguía coidaba que ese xuntoiro da castaña asada e o viño -moitas veces con mel, por certo- era unha lembranza de anterigos xantares funerarios. O froito, no lume, sería o siño da morte, e o viño o da vida, e o magosto o rito.

Escomasí compre andar con tento cas castañas, que poden estralar, estoupar ou quebrar na boca, co viño, que ás veces quenta as orillas, cas mocas dos mozos e... cas mozas rebulideiras.



Asina: **XOSE FILGUIERA VALVERDE** 'FARO DE VIGO' do 11-11-1972 Páx. 27

REFRANEIRO DE SAN MARTIÑO (T)

A paremioloxía galega referente o San Martiño é moi abundosa. Nalgunhas comarcas de Galicia, o nome do santo serve para nomea-lo mes, de xeito que sustitue ó de no-

vembro ou Santos, máis xeralizados. Así, pois, nos refráns que damos a continuación, non todos se refiren concretamente ó día 11, ó dicir “San Martiño” ou “polo San Martiño”, ha de entenderse o mes, tan sinalado no calendario gastronómico e económico de Galicia, con istos tres acontecementos: matanza do porco, maioridade do viño novo e inicio dos magostos.

Presentamos unha mostra de paremias relativas “ao San Martiño”:

- *Antes de San Martiño, pan e viño, despois de San Martiño fame e frío.*
- *Día de San Martiño proba o teu viño.*
- *Despois de San Martiño deixa a iauga e bebe viño.*
- *Hastra o San Martiño inda pinga o ramalliño, despois de San Martiño fame e frío.*
- *Horta de San Martiño mantén ao dono i o veciño.*
- *No San Martiño remonta cada día un ferradiño.*
- *Polo San Martiño andan as nocas a roliño.*
- *Polo San Maartiño castañas e viño.*
- *Polo San Martiño mata o teu porco e bebe o teu viño.*
- *Polo San Martiño todo e mosto e viño.*
- *Polo San Martiño faise o magosto con castañas e mosto.*
- *Por San Martiño non sementes fabas nin liño.*
- *Por San Martiño trompos ao camiño.*
- *Por San Martiño xa se conoce o bo viño*
- *San Martiño sempre quer o seu grauciño, anque seña pequeniño.*
- *San Simón proba o viño, i o porco en San Martiño.*
- *Bendito mes que empeza con Santos, media con San Martiño e remata con San Andrés. (Tamén se di : “ media con San Uxio”, que é o máis axustado.*

